

ROTEIRO DA MEMORIA “As Catalinas”

Canteira das Catalinas, escea do crime

Perto de aquí, na canteira das Catalinas (a 1,98 km), entre o 14 de agosto e o 3 de novembro de 1936, apareceron os corpos de alomenos 18 persoas asasinadas pola represión das autoridades golpistas. Os veciños recolléronos e transportáronos até aquí, seguindo o mesmo percorrido do Roteiro da Memoria “As Catalinas”.

QUE FACÍAN CON ELES?

Unha vez aquí, deixábanos na botilla da igrexa (hoxe desaparecida) e, “de dous en dous”, velábanos antes de soterralos en distintos puntos do atrio. Así o lembran as testemuñas das xentes de Beira e Herves, recollidas pola Asociación Cultural Cultura Aberta.

A REFORMA DA IGREXA

O templo orixinal de Santa Mariña de Beira data da idade contemporánea. Foi profundamente reformada en 1954, cando se lle engadiu unha ampla sacristía e ampliouse a capela maior.

En 1958 promoveuse unha suscripción popular obrigatoria de 500 pesetas para financiar a construción de novos altares. Estas reformas alteraron sensiblemente o espazo do atrio da igrexa, onde foron soterradas as vítimas, dificultando a súa recuperación.



Botilla da igrexa de Beira




Igrexa de Beira, anos 40

O DEREITO DAS FAMILIAS A RECUPERAR OS CORPOS

O artigo 11.1.1 da lei de Memoria Histórica, establece que “As Administracións públicas, no marco das súas competencias, facilitarán aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradiro se descoñeza”, polo que algúns dos familiares, ao abrigo desta lei, tentaron recuperar os corpos dos seus seres queridos. En 2026, 90 anos despois do golpe de estado, a terra abriuse, comezando coa exhumación de varios corpos dos asasinados, realizada por Histagra da USC, por mandado da Área de Dereitos Cívís da Deputación da Coruña, contando co financiamento do Ministerio de PT e Memoria Democrática e coa imprescindible colaboración da A.C. Cultura Aberta.

A VÍTIMAS E A MEMORIA POPULAR

Como lembran algunhas testemuñas, “deso a prensa non falaba”, os veciños coñecían o que acontecera na Canteira das Catalinas e incluso había flores a cotío en lembranza das vítimas. No ano 2022, a Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral, coa colaboración da ARMH realizou unha serie de homenaxes ás vítimas, ca publicación do libro, “Lembranzas de José Manuel Moledo Rodríguez e Luciano Costa García vítimas das Catalinas”, unha mesa redonda informativa con familiares das vítimas e a instalación dun monolito na entrada do cemiterio, en lembranza do acontecido, obra do escultor Valdi e cun poema de Baldomero Iglesias “Mero”.



- Panel Informativo
- Canteira das Catalinas
- Fervenza
- Rego
- Muños
- Pazo
- Igrexa
- Cova

- Roteiro da memoria As Catalinas
- Desvío ao aparcadoiro
- Aparcadoiro

FICHA TÉCNICA DO ROTEIRO


Distancia total: 1,92 km (ida) 3,84 km (ida e volta).

Tipos de rutas: Linear

Dificultade estimada: Moderada. O roteiro é adecuado para todas as idades, pero para os máis pequenos, a presenza de certas distancias e o uso de ferramentas como o GPS e o mapa son necesarios.

Tempo estimado: 35-55 minutos (ida) 1h 10 min-1h 30 minutos (ida e volta).

Gracias ao apoio da Deputación da Coruña, a C.A. Cultura Aberta de Carral, coa colaboración da ARMH realizou unha serie de homenaxes ás vítimas, ca publicación do libro, “Lembranzas de José Manuel Moledo Rodríguez e Luciano Costa García vítimas das Catalinas”, unha mesa redonda informativa con familiares das vítimas e a instalación dun monolito na entrada do cemiterio, en lembranza do acontecido, obra do escultor Valdi e cun poema de Baldomero Iglesias “Mero”.



Botella en lembranza das vítimas. 2022